CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO PRIMEIRO E SEGUNDO EXERCICIO ELIMINATORIOS E OBRIGATORIOS do proceso selectivo convocado por Resolución do 8 de maio de 2026 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre e promoción interna, no ***corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C1, escala técnica de condución*** (DOG núm. 89, do 15 de maio).

En sesión que tivo lugar o 17 de novembro de 2026, este tribunal nomeado por Resolución do 15 de outubro de 2026 para cualificar o proceso selectivo para o ingreso, mediante o sistema de oposición, pola quenda de acceso libre e promoción interna, no corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C1, escala técnica de condución (DOG núm. 198, do 19 de outubro), acordou establecer os seguintes criterios de corrección, valoración e superación do primeiro e segundo exercicio eliminatorios e obrigatorios do proceso selectivo, de conformidade coa base II.1.2.10 da convocatoria.

1. CUESTIÓNS XERAIS SOBRE OS EXERCICIOS

As probas da oposición consistirán na superación dos seguintes exercicios, todos eles eliminatorios e obrigatorios.

O primeiro e segundo exercicios, descritos a continuación, realizarase de modo simultáneo na mesma sesión. O tempo máximo de duración conxunta de ámbolos dous exercicios será de cento oitenta (180) minutos.

As persoas aspirantes deberán de sinalar na folla de exame as opcións de respostas que estimen válidas consonte ás instrucións que lles faciliten.

Non poderán facer uso de manuais ou textos legais ou de consulta para a realización das probas.

Primeiro exercicio

Este primeiro exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de noventa (90) preguntas tipo test, das que vinte e cinco (25) corresponderán coa parte xeral do programa e sesenta e cinco (65) coa parte específica do programa que figura no anexo I da convocatoria.

Este exercicio disporá de cinco (5) preguntas de reserva, das cales dúas (2) corresponderán á parte xeral do programa e tres (3) á parte específica e que substituirán ás preguntas

anuladas de cada parte pola súa orde.

As persoas aspirantes da quenda de promoción interna estarán exentas de contestar ás preguntas da parte xeral do programa, polo que contestarán unicamente ás sesenta e cinco (65) preguntas da parte específica e ás correspondentes preguntas de reserva.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha será a correcta.

Segundo exercicio

Este segundo exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de carácter práctico relacionado coas materias que figuran na parte específica do programa que figura no anexo I da convocatoria, cun total de cincuenta (50) preguntas tipo test, máis tres (3) preguntas de reserva que substituirán ás preguntas anuladas de cada parte pola súa orde.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha será a correcta.

2. DETERMINACIÓN DE SUPERACIÓN DA PROBA E NÚMERO DE APROBADOS

As regras de puntuación serán as seguintes:

a) Cada resposta correcta equivale a unha unidade de puntuación.
b) Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.
c) As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.
d) As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

PRIMEIRO EXERCICIO

No acceso libre, superarán este exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de persoas aspirantes determinado polo resultado de multiplicar por catro (4) o número de prazas convocadas por esta quenda sempre que acaden o mínimo do 40%, das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, no que se refire ao número máximo de prazas convocadas pola quenda de acceso libre, cabe aterse ao previsto na base I.1 desta convocatoria, con independencia de que as prazas non cubertas pola quenda de promoción interna se acumulen ás prazas convocadas pola quenda de acceso libre.

O exercicio cualificarase de 0 a 40 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo

de vinte (20) puntos.

Na quenda de promoción interna, superarán este exercicio as persoas aspirantes que teñan un mínimo do 40%, das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

SEGUNDO EXERCICIO

No acceso libre, superarán este exercicio as persoas aspirantes que teñan o mínimo do 50% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

A corrección deste segundo exercicio unicamente se realizará no caso de superar as persoas aspirantes o primeiro exercicio. De non ser así, as persoas aspirantes serán consideradas non avaliables.

Na quenda de promoción interna, superarán este exercicio as persoas aspirantes que teñan un mínimo do 50% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

A cualificación do segundo exercicio será de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de dez (10) puntos para a súa superación.

En calquera caso, lémbrase que soamente superarán o proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que acaden as mellores puntuacións ata completar o número máximo de prazas convocadas, sempre que cumpran as condicións previstas nos parágrafos anteriores.

Ao remate dos exercicios cada persoa aspirante poderá obter copia das súas respostas. No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicarase o contido dos cuestionarios e as respostas correctas no portal web corporativo xunta.gal/funcion-publica .

O presidente do tribunal

Luis Miguel Barreiro Ares

Firmado por BARREIRO ARES LUIS MIGUEL - ***9153** el día 18/11/2026 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios